N.º 1267

BOICENTRIL



F. Tettamancy.

DEMIA
GA
ÑA
2
ca

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
962
Biblioteca

FRANCISCO TETTAMANCY

BOICENTRIU

O druidismo e o celtismo galegos

A Epopeya irlandesa

A CRUÑA
IMPRENSA E FOTOGRABADO DE FERRER
RUA REAL, 61

1912

É PROPIEDADE

Para a Biblioteca da Real Academia Galega. Homenaxe do seu consocio

J. Fontanaes

Pancho/912

Para Antón Garrido Villazán

Ilustre cruñés e moi agarimoso amigo.

Meu querido Antonciño: este homildoso traballo que rematei de engarabullar, aconselláronmo os tempos de hoxe, nos que rebule unha sociedade sin fé nin concencia.

Aquelas razas d' outras épocas millores, foron o comenzo da civilización da Humanidade, tal cal vémola agora, e sigun a cencia da Historia nol-o inseña.

A Humanidade, síguese, e ha se de siguir, movendo, per se, *ao compás das leises evolutivas porque vense rixindo, e irá adiantando, dendes de logo, â medida que han se de ir discubrindo os segredos das cencias físico-naturales, que veñen causando grandes revoltainas para precural-o seu benestar material; mais entroques, hai que convir que recúa, pol-o que respeita ao seu benestar moral.*

En valuto que o sabio sociólogo precure ennovellal-os miolos para lle inculcal-os sanos principios de unha xeitosa urbanidade á fin de il-a levando pol-o rego da boa educación e da boa crianza: a sociedade de hoxe non agradece somellante sacrificio. Camiña á cotenadas pol-as beiras; en de xamais pisa en firme pol-o corazón. E de acó, que nada de estrano ten, o atopárese chéa de Esaús e de Xuncras: o hir-

man vende escandalosamente ao hirman, como se dixéramos por unha cuartilla de centéo, e o discipulo disprecia e marmula do mestre que lle prestou as luces da sua intelixencia proporcionándolle pan para manterse.

Non hei de tratar da amistade sinxela: non a busques inda que te vallas da linterna do crásico filósofo: toda componse de falsedades e mintiras. Perdeuse o sentido moral, e pol-o mesmo perdeuse a dinidade, en que tanta estima a tiñan as familias dos tempos á que se remonta o meu traballiño. Elas non disfrutarían das comodidades materiales das que gozan as xentes de agora, foran da clas que se queira; mais todo che está en relación c'o medio en que se vive.

Eu, prefiro aquel ambente patriarcal no que o home descoñecía todo xénero de ruindás; e ainda mais: iñoraba ese artificio da chulapeiría que ven privare n-estes tempos, na alma da nosa España.

Coma tí eres un bon vasallo, de grande ilustración, que honras os eídos onde naciche; que dendes de pequeniño as tuas incrinaciós son santas—que inda que por santo eu che teña non esaxeraría – hónrome moitísimo, por estas consideraciós, en adicarche esta probe labor miña, que inda que non seia merecente baixo o aspeito da forma, algo útile ha de conter no seu fondo.

Recibea, pois, co aquela boa volontade, e co aquel agarimo que dendes de rapaces, sabes que che ten o teu ademirador devotísimo

Fuco.

San Xiao de Sergude, mes de San Martiño 1911.

PRIMEIRA PARTE

BOICENTRIL

O lusco fusco.—O druida.—O agoiro.—O estrelecer

BOICENTRIL [1]

O LUSCO FUSCO

Comenza o Sol á poñerse,
presto a tarde esmorecía,
e a calor vaise aminguando
pol-a frescura das brisas.
Buscan refuxo os paxáros
porque vai morrendo o día,
e ledamente chïando
nas álbres ténros aniñan.
Arrandéan os piñales
do maino vento às caricias,
e rescendentes espallan
prefumes que o vento anima.

(1) Traballo premiado no Certame literario que celebrou no ano 1909, a entusiasta Sociedade «Liga de Amigos» de Santiago.

Corre serpexante o río;
e as áugoas que á éito boligan
c'os seus roxires, somellan
delicadas armonías.
Bater se sinte de lonxe
o mar, na costa bravía,
levando gratas solencias
aos vals e veigas veciñas.
Xa as derradeiras rayolas
de Sol, nos trigales brilan
moi deblemente, quedando
triste a vizosa campiña.
Avanza a noite acougada,
as estrelas escentílan,
e do luar, espellante
craridade â terra viña.
Adormécese a bisbarra,
as cóbregas asubían,
cantan nos illós as rans,
rebule o morcego axiña.
No Castro a soledá reina,
a paz reina nas familias,
en silencio o val se alcontra,
a noite... alongando s'iba...

— —

O DRUIDA (1)

Mais non s'atopa o sosego
na tenda do vello druída:
BOICENTRIL (2), o sacerdote,
no seu leito adoecía.
De cando en cando salaya
e por momentos deliria;
inmota a vista por veces
ela por veces se aviva.
Non ben érguese no leito
dando mostras de enerxía,
no leito volve á caere
magoado pol-a fatiga.
—«¡Eu vou morrer!—escramaba,—
sinto marchárseme a vida,
que a miña minsión na terra
prèto ao seu fin, se aveciña.
»N-estos supremos istantes,
miña alma pide contrita
que Endovelico (3) me valla
dándome morte tranquila!...»
Logo dí aos seus familiares
o gran deseio que tiña
de falar seguidamente
co a tribu que él dirixía:

(1) Véxase o Apéndice 1.º
(2) Id. id. 2.º
(3) Id. id. 3.º

—«¡Presto! avisádea toda
e que ninguen falte â cita:
as horas foxen á éito
para min en esta vida!...»



O AGOIRO

D'alarbéa sona o corno
dende o mais alto da címa
do Castro, indo á turbare
a calma que alí eisistía.
Nos vals e veigas se nota
unha ansiedade infinita:
pronto, na crôa do Castro,
arremuíñase a familia,

E o leito do venerabre
de druidesas (1) e druídas,
guerreiros, vellos e mozos
s' arrodea de seguida.
De súpeto se decatan
d' aquela situación crítica:
todos se desfan en pranto
ao vere en perigo a vida
Do seu moi amado Xefe
que a presencia requería
da sua grey ben amada
á quen fala d' esta guisa:
—«Chaméivos—dí Boicentril—
en estas horas precisas
porque a derradeira fala
quere o Céo vos dirixa.
»A deixar vou esta terra
abondante de ledicias
co as que os Dioses (2) premiar queren
a nosa raza bendita;
»Que os dons que vos disfroitades,
é, entroques da preitesía,
que as virtús gardar sabedes
por vos, xamais esquencidas....
»Mais ¡ai! que n-estes momentos
nos que se me vaí a vída,

(1) Véxase o Apéndice 3.º
(2) Id. id. 4.º

un porvíre de tenebras
malos fados agoirízan!...
»A nosa varuda raza (1)
por leises evolutivas,
á éito sofrirá amarguexos
hastra o cabo ser vencida
»Por outras razas ousadas
de ruíns almas –¡mais temidas!—
que faran dos nosos éidos
pobo de xente cativa;
»Profanaran nosas campas (2)
que han de servir de raspiña,
âs xentes que nos sucedan,
pol-a maldita cobiza....
»Ao par que os sigros renóvanse,
loitas tras loitas se animan;
e a Morte, sempre disposta,
non enferará de vítimas.
»En xamais seran estabres
as ideas na política;
e ao trocárese esta Cencia,
pervertirase a Xustiza,
»Irase perdendo a Fé,
e así ben, en granxeiría,
virarase a Relixión
indo á inzala de herexías!

(1) Véxase o Apéndice 5.º
(2) Id. id. 5.º

»Desleigamentos d'abondo,
esquencias por mais indinas
veranse na patria amada
non ben os tempos camiñan...
»E... con mentire audacioso
que riñe co a fidalguía...
¡negarase hastra a influencia
da nosa raza en Galicia!...
»Con tal somellante aldraxe,
o corazón se me rispa,
que é aldraxe que non merece
raza d'estirpe tan dina!...»

. . . . . .

. . . . . .



Cala o Petrucio un momento,
a longa barba acaricia,
mira á todos docemente
e amargurado, suspira.

Dempois, sigue co a vez deble
que lle causaba a fatiga,
falando aos seus familiares
que n-él posta a atención tíñan:
—«A relación que vos fago
sigun denantes decía,
á bóa conta tomádea
pois que os fados a agoirízan;
»Que tamén agoirizaron
n-outrora, en millores días,
aquelas loitas crueles
das que se teñen noticia,
»Levando aos nosos hirmans
da Irlanda, grandes desditas
que na *Epopeya* nos contan
con esaititú precisa. (1)
»Engano, quixera fose,
o que os fados agoirizan...
engano fora preduto
da febre que me domiña....
»Mais, verbo d' eso... lembrádevos...
de cumprirse a profecía....
¡Eu morroo....»
e a ola da Morte
deixa sin fala ao Druída.

———

(1) Véxase o Apéndice 6.º



O ESTRELECER

Comenzou á estrelecer:
a Aurora despunta axiña;
e pouco á pouco, alongándose,
na carreira sigue o dia.
Xa non se sinte batere
o mar na costa veciña;
nin xa rebule o morcego,
nin a cóbrega asubía.
A bisbarra se desperta,
van ao trafego as familias,
salen ao pasto as facendas,
o val recobra a alegría.
Mais, cando o Sol xa no Céo
espréndidamente brila
lanzando as suas rayolas
sobre a vizosa campiña;

Cando os piñals arrandéan
aos bicos tenros da brisa,
e na arboreda os paxáros
entóan ledas cantígas;
Cando os gorgulos do río
roxen doces armonías,
e a Natureza, amorosa,
seus dons â Terra prodiga...
A Morte, facendo presa
en *Boicentril*, moi axiña,
deixándolle irta a materia
ao esprítu deu nova vida.....
De loito cobrindo o Castro,
cobrindo en loito â familia,
e quedando d' este xeito
perdurada a *Profecía*
Que os fados agoirizaron
por boca do vello Druída,
legándoa de lei eterna
para as castas sucesivas!....

FIN DA PRIMEIRA PARTE

APÉNDICES ACRARATORIOS AO PRESENTE POEMA

Lixeiros apuntes sobre do celtismo e o druidismo

SEGUNDA PARTE

Os Celtas.—Os Druídas.—A minsión d'éstos. —O Castro de Boicentril.—A relixión céltica. —Os dioses Celtas.—O dios Endovelico.— Decadencia do druidismo.—Os dioses celtas trocados en animales.—Mitoloxía céltica.— Costumes célticas.—Roubo das mámoas en Galicia.

APÉNDICE I

Os celtas.—Os Druídas.—A minsion d' éstos

Os Celtas, se temos de dar creto á sabios escritores, (1) dividíronse en duas grandes familias: os *Gôidels* e os *Galos-britons*. Os primeiros formaban dous fatos: os irlandeses e os galos da Escocia che-

(1) Respetando e acatando os preceptos que á xeito dispon á bóa filoloxía que.. é o sentido comun, ao considerar que a nosa léngoa gallega non adimite arideces por seren as suas primeiras características a *melosidá* e o *eufonismo*, sigun está probado d' abondo, o autor d' este traballo sopárase para escribila (e falala como de cote veno facendo) de caer n-aqueles defectos de fonética nos que caen e cairon non poucos escritores (*) iñorando que unha cousa é o lenguaxe *falado*, e outra o *escrito*, como se dixeramos a moitísima diferencia que hai entre a léngoa VULGAR e a ERUDITA. (**)

Non vaya ninguen á térese por comprendido n-estas observaciós, que non está no noso ánimo a minor mingalla de ofensa, pois sempre tivemos por norma, respetar opiniós alléas: cada un que escriba como millor lle conveña; porque d' este xéito, no pecado levará a penitencia.

(*) Véxase a mostra: hay quen escribe *sábeo, esquirtor, caráuter, pátrea, eleuceon*, etc.. etc...

(**) Aquel que non o crea asi, remitímoslle como mostra, e para que adeprenda., *Os Cancioneiros da Vaticana, Colocci Brancuti*, e tantísimos outros; o mesmo que a ademirabre *Crónica Troyana*, (pubricada pol-o noso erudito amigo D. Andrés Martínez Salazar) códices dos sigros XIII e XIV.

gados da Irlanda, ao Norte da Gran Bretaña, dempois da Era Cristiana. Dentre d' estos dous fatos, inda se fala hoxe no día un dialecto céltico. (1)

Os *Galos-britons,* dividíronse tamen n-outras duas clases: 1.ª Os Galos ou Celtas continentales, aqueles que comenzaron a conquista romana no sigro II.º antes da nosa Era, rematada no I.º, levantando a sua nacionalidade primeiramente, e moi logo, a sua léngoa. 2.ª Os Britons chegados do Continente na Gran Bretaña no sigro II.º (antes J. C.) onde a sua léngoa atópase representada por duas fillas, inda viventes: a *galesa* na Gran Bretaña, e a *bretona* importada pol-os Britons sobre do Continente francés; non sendo allea á ésta, a nosa Galicia e o Portugal, como ven á atestigualo un feixe de verbes de ambas á duas léngoas, e sobre todo nas da sua toponimia.

(1) Hoxe chámanse *Gaels*, e veñen seren a rama mais septentrional da familia céltica que foise á establecer nas Illas Británicas en tempos non fáceles de determinar, entre o ano 1300 ao 800 antes da nosa Era (*) Os *gôidels* ou *gaels* pertenecían d' aquela, â edade do bronce; nin sairon da edade dita, antes do ano 300 ou 200 (a de J. C.) fecha cuáseque á caron, da que, unha invasión gala levou o ferro âs nomeadas Illas Británicas: Moitos sigros antes d' esta invasión, os *gôidels*, armados de lanzas con puntas de bronce, de espadas e puñals, do mesmo bronce, tiñan trunfado da raza descoñecida que se lles había anticipado nas preditas Illas. Esta raza, que a arqueoloxía nos inseña a esistencia mais antiga, —mais cuya léngoa nos é descoñecida—iñoraba os metales, cando foi vencida e suyogada pol-os *Gôidels*.

(*) Véxase a obra *Celtic Art. in pagan and christian Times*—pax. 8, 10, 21, 24, 39, 240 de ROMILLY ALLEN, e *Les Gôidels et les Gaulois* (pax. 15 â 21 de D' ARBOIS DE JUBAINVILLE.

A domeñación céltica, nos tempos do seu mais grande desenvolvemento, tivo na Europa unha estensión considerabre.

Indo do Norte ao Sur, encomenzou en toda a faixa septentrional da Escocia para rematar na meridional do Portugal, alcanzando a septentrional do imperio aleman e comprendendo un grande torozo da Italia hasta a Senigallia e un pouco ao Sur d'esta vila. Tiña por testes ao Oeste o Oceano Atlántico, e ao Este o Mar do Norte.

Comprendía ao Ponente, non solasmentes a Irlanda e Oeste da Francia, se non que tamen collía a da península Ibérica, tanto no Portugal como na España.

O sonado celtista D' Arbois de Jubainville, (1) na sua erudita obra *Les Celtes* (París 1904 pax. 2), o asenta d'esta maneira: «*Laco-briga*, hoxe Lagos; *Mero-briga*, n-actualidade Santiago de Caeem; *Caeto-briga*, prèto de Setubal, vilas do Portugal (nas provincias do Algarve e da Estremadura) e BRIGANTIUM, *hoxe Cruña (Galicia) na España do Noroeste formando parte da domeñación céltica*».

Dendes da Europa Occidental, os celtas pasaron á España, dividíndoos os escritores antigos en duas ramas ou fatos: primeiro os celtas *puros* do

(1) Este ilustre escritor, do Instituto de Francia, e catedrático de léngoa céltica e outras especialidades da Soborna de París, con cuya amistade nos temos honrado, morreu fai pouco mais de dous anos.

Anas (1) e os seus compatriotas da estremidade do Noroeste do país, ou seia Galicia (2), e dempois os celtas misturados c'os iberos, que foron sere os celtiberos. Os gregos e os romans, non dan á estos derradeiros o nome de celtas, galos ou galatos, se non o de *Celtici*, indicando sin dúbida, unha poboación da familia celta (3).

---

(1) Tronzada pol os romans a España en Tarraconense, Bética e Lusitania, o rio *Ana* foi a divisoria de todas estas tres provincias; a Tarraconense, contestaba ao Ana na Puebla de Alcocer; dendes de alí á Ayamonte, alongábase a Bética; e dendes da outra beira hastra o Douro (Duero), corria a Lusitania. N-unha e n-outra beira d'este rio, atopábanse colocadas na sua dereita, vilas moi sonadas da Lusitania; e na sua esquerda, pobos da Beturia turdula e céltica.—MIGUEL CORTÉS Y LOPEZ. *Diccionario Geográfico Histórico de la España Antigua*, t. II, pág. 134.

Xa que citamos á este autor como autoridade de creto, lembrámonos agora de certa polémica que sostivemos, non fai moito tempo, c'un d'esos tantos que a iñorancia failles pasaren por *sabios* na nosa Galicia, dicíndonos que «Miguel Cortés fora un autor *desacreditado*.»

O tal argumento soilo puido fuxir d'un cerebre aleixoado; e nos fundamos para elo, no criterio do célebre epigrafista Hübner, que pouco antes de pasar á millor vida, aconsellaba ao entendido e agarimoso amigo noso Federico Maciñeira, que «solasmentes, para as traduciós dos xeógrafos crásicos, se valese do Dicionario de Cortés por sere o mais esacto.»

¡E coidado se Hübner foi, e sigue sendo, e será, autoridade universal n-estos asuntos! A non sere que, para o tal *sabio* gallego, tamen esté *¡desacreditado!*...

(2) ESTRABON: *Geografia*, libro III.

(3) G. DE HUMBOLDT: *Los primitivos habitantes de España*, páxina 162.

Os celtas foron moi numerosos e preponderantes políticamente como o pobo mais guerreiro de toda a península; e conforme o indica o estudio dos nomes, tíñanse espallado pol o interior e n-unha grande parte da costa do Ponente.

*
* *

Os galos tiveron duas e moi importantes clases de cregos: *os Druídas* e os *Gutuatri*. Estos derradeiros foron menos coñecidos que aqueles.

Cando no sigro I°, (a. de J. C.) Xulio César conquistou parte da Galia, os Druídas ocupaban n-este lugar unha arrumbada situación, sobre da que o futuro dictador habíase longamente apropiado; mais decíase d'aquela, que a institución druídica fora nativa da Gran Bretaña, e que d'ésta habíase levado â Galia «Septentrional, Central e Occidental» *(Gallia comata)*. Xulio César, así nol-o adeprende na sua obra *De bello gallico*, lib VI cap. XIII, páx. 12.

Outros autores, coma M. M. J. Rhys e David Brenmor-Jones *(The welsh People*, páxina 83), opinan d'outra maneira, mais sin aportaren a minor proba.

Os *Druídas* compoñian unha Confradería ou Congregación relixiosa, nasmentres que os *Gutuatri* formaban unha especie de cregos segrares.

A institucion dos primeiros tiña certa somellanza co a dos Xesuitas de hoxe, diferenciándose solasmentes de éstos, de que carecían d'un xeneral, mais entroques estaban subordinados nas provincias,

—como aqueles,—con un na Galia e outro na Irlanda; (1) e probablemente tamen con outro na Gran Bretaña. (2)

As atribuciós dos *Druídas* estendíanse á seren árbitros nos procesos, e á insíñal-a Historia e a Astronomía aos seus discípulos; cultivando tamen a física, a Teoloxía e a Meiciña, pretendendo sabel-a natureza das cousas da Cencia e a podencia dos dioses; a grandeza do Universo e da Terra; a forma e o movemento dos Astros; a virtude das plantas e as forzas ocultas que trocan o orde natural e discubren o porvir,

A sua influencia era inmensa, pois axuntaban e concentraban toda a autoridade e todol-os poideres.

Sacerdotes, médicos, sacrificadores, adiviños, filósofos e lexisladores—como dí La Tour d'Auvergne—aqueles reis de reises gobernaban os pobos con verdadeiro imperio, domeñando ao mesmo tempo a relixión, a política e a Cencia (3).

Seu ascendente sobre das xentes fora tan grande, que os romans, vendo a imposibilidade de sometel-os pobos, âs leises e instituciós da metrópoli intre conservaren o seu culto, tiveron ao cabo que derrubalo con institutos penales, forza que ende xamais en ningunha outra circunstancia cometeron c'os vencidos aqueles tolerantes conquistadores.

Sigun o testimoyo de Pomponio Mela, os Druídas

(1) *De bello gallico*, l. IV, col. XIII, páx. 8.

(2) D'ARBOIS DE JUBAINVILLE: *Les Druides*, páx. 7.

(3) LEANDRO DE SARALEGUI Y MEDINA: *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, páx. 174. Terceira edición—Ferrol 1894.

tiveron o privilexio das Cencias que inseñaban en segredo às mais distintas persoas da nación.

O seu traxe compoñíase d'unha túnica e un manto de liño branco; usaban tamen brazaletes d'ouro; e o primeiro Druída, que tiña o privilexio da poda d'ouro, levaba un cinturon do mesmo metal e unha crôa de hedra, verxeban ou follas de carballo.

A tradución latina da verbe *dru-uids,* é a de *magister sapientiæ,* (mestre na Sabiduría).

Asenta D'Arbois de Jubainville, que os Druídas no seu oríxe ou comenzos, foran unha institución Gôidélica (1) e que á eles conocéranos os gregos ao datare o ano 200 (a de J. C.).

Prèto d'este tempo estiveron establecidos na Galia d'esta beira do Rhin, rexión frecuentada pol-os mercaderes marselleses; mais logo sobrevíu a conquista da Gran Bretaña pol-os galos contra dos gôidels.

A conquista dita parece que tivo efecto intre dos anos 300 á 200, pouco mais ou menos, antes de J. C.

Os galos atoparan, pois, aos Druídas na Gran Bretaña, tendo eles levado somellante institución riba do Continente, contándonolo así Xulio César no seu *De Bello Gallico* l. VII, c. 13. p. 11 e 12. (2)

Salomón Reinach, parece ter adiviñado o orixe gôidelico dos Druidas—*Revue celtique,* t. XXI, p. 175 — mais coma observa Jubainville, non se vé a razon para abondar no criterio do sabio M. J.

(1) Véxase a páx. 22, nota d'este traballo.

(2) «Disciplina in Britannia reperta atque inde in Galliam translata esse existimatur, et nunc qui diligentius eam rem cognoscere uolunt plerumque illo discendi causa proficiscuntur»,

Rhys (1) de que Xulio César escribira por errore *Britannia* por *Hibernia*.

Na mais antiga epopeya irlandesa, a Gran Bretaña, aparece como o centro da instrucción. N-ela foi onde o célebre héroe Cûchulain instruiuse na profesión das armas. Da Gran Bretaña proven a profetisa que anunciou â reina Medb os resultados desastrosos do *Táin bó Cúailngi*. Un Druída da Gran Bretaña, predixo na Irlanda o trunfo da diosa ou fada de Munster. (2)

Os Gôidels formaban un fato céltico do que inda alcóntrase a sua léngoa na Irlanda e nas montañas da Escocia. Do tal fato, dono por moito tempo de todal-as Illas Británicas, foi importado o druídismo na longa rexión que se estende ao Sur da Mancha intre do oceano Atlántico e o Rinh, mais no se coñeceron na Galia Cisalpina nin nos lugares antigamente célticos que son os situados ao Oeste do Rinh, tanto o val do Danubio como na Asia Menor onde o *dru-nemetom*, quere se decir, o grande tempro o seia o boi sagrado, non ten ningunha relacion c'os Druídas. Si se sostivera o contrario, valería tanto coma decir que o grande sabio e o grande iñorante son duas fórmulas de valor somellante. (3)

(1) *Studies in early Irish History*, nos *Proceedings of British Academy*. vol. I. p. 34.

(2) Véxase o apéndice 6.º d'este traballo *Os dous campiós*, da *Epopeya irlandesa*.

(3) D' ARBOIS DE JUBAINVILLE. *Les Druides* p. 14. «Hai na Francia un sinónimo de *dru-nemeton*, é *uer-nemeton*, o plural *uernemeta:*

Nonime Uernemetis uoluit uocitare uetustas
Quod quasi fanum ingens gallica lingua refert. (*)

(*) FORTUNAT, 1. I, carmen, 9, vers. 9, ed. de Fréderic Leo. p. 10.

APÉNDICE II

O castro de Boicentril

No promedio das parroquias de San Xiao de Sergude, San Vicente de Vigo e Santaya de Cañás (concello de Carral, provincia da Cruña) aséntase, — xa mais adentro da de San Vicente— o Castro nomeado *Boicentril.*

Conta a tradición, que o moimento dito, chámase d' este xeito porque n-él tivo a sua vecindade a familia arrotreba, cuyo xefe nomeábase *Boicentril.*

O cume d' este Castro está sementado á labradío, (centéo, trigo e mainzo), cubríndoo a mayor parte d' él, especialmente pol-a beira Norte, pinos, castiñeiros e algun que outro carballo (1), cuáseque dendes do fondal ao curuto; e en todo o arredor, abonda a louza (toxo) dâ que se aproveita o labrador para os seus menesteres.

Dos tempos pasados, d' aquela edade do bronce, non apareceu, por agora, o minor framento de ouxetos dos que se valian aquelas familias para a sua de-

(1) En toda esta Comarca, abonda moito o pino e o castiñeiro; escaseando o carballo, que soilo vese abondante na separación das herdades, como carballo cerqueiro.

fensa ou para adicalas ao traballo da labranza e outras necesidades; porque, que nosoutros seipamos, non hai noticia de que se fixera ningunha clas de investigaciós.



O Castro de Boicentril

A estructura do tal Castro é moi somellante ao Castro de Cabezo de San Xuan, en Castrellos (Portugal) que se describe e presenta n-un gráfico de

O Archéologo Portugués que dirixe o sabio e peritísimo amigo noso Dr. José Leite de Vasconcellos. — (Volum. XIII - Lisboa - Imprensa Nacional, 1908).

Dista o Castro dito, da capital cruñesa, sobre d'unhas catro légoas, presentando a sua cima un dos panoramas mais atraintes da nosa rexión gallega.

Pol-a parte do Sur, recréyase o espíritu ademirando as lindas comarcas de Figueiroa, Sarandós, Santa Maria e San Vicente de Vigo, Cañás, Sergude (San Xiao) e Carral, todas elas adornadas de piñales e soutos de castiñeiros; e pol-a parte Norte e Nordeste, formando simétrica liña, os Castros de Gosende, Sigrás e Alvedro que marchan cara â metrópoli gallega; a branca faixa da carretera que parte da Cruña a Santiago; o altísimo monte do *Xalo* co as suas estrivaciós; todal-a serra que, arrincando d'este monte, prosigue a Paleo; a eirexa d'esta parroquia, en cuyo cimeterio, están soterrados aqueles doce héroes sacrificados no ano 1846, e que deran xenerosamente as suas vidas por mor das libertades patrias (1); e alongando mail-a vista, aprécianse tamen a lexendaria Torre de Hércules, a sempre alegre e meiga vila da Cruña; o mar, batindo escumoso contra do acantilado da costa... e a longa faixa do hourizonte, embrullada

(1) Pódense vel-as obras do autor d'este traballo *La Revolución Gallega de 1846*, e *Los Mártires de Carral*, pubricadas nos anos 1908 e 1911 respeitivamente.

entre brétemas por veces, e por veces, arrodeada de lus e poesía baixo d'un ceo azurado e trasparente.....

N-aqueles tempos da domeñación céltica nos nosos eidos gallegos, poido sere este moímento un dos de mais sona da comarca mariñana, á xuzgar pol-a sua posición, estensión e altura, debendo de haber estado poboado por unha numerosa familia.

¡Lástima é, repetimos, que as xentes sabidas, non houbesen feito as consiguientes investigaciós, como se fixeron n-outros, de menor importancia, siguramente!

As xeneraciós presentes, a Historia mesma, agradecerian pol-o productiva que habería de sere, labor tan xeitosa.

APÉNDICE III

A relixión céltica.—Os dioses célticos.—O dios Endovelico.—A decadencia do druidismo

Os celtas creían na inmortalidade da alma, mais non a adimitían coma os pitagóricos, que abondaban na regra xeneral, de que as almas dos mortos, ceibábanse dos corpos que tiñan habitado, quedando no mundo para volveren animar un corpo novo.

Nas leendas irlandesas, os dioses nos presentan recordos baixo da forma de animales.

Sin ire mais lonxe, vemos á Badb ou Morrigan, diosa do crímen e das batallas, trocárese sucesivamente en anguía, lobo e vaca; e do mesmo xeito os dous porqueiros diviños dos dous reises dos xénios de Munster e de Connaught, dos que tratamos mais adiante (1), tomando á sua forma primeira, e dempois convirtíndose n-outras seis, coma en corbos, baléas ou focas, campiós, estadeas (pantasmas), vérmios e bois bravos (touros); por maneira que as almas diviñas habitaron sete corpos diferentes.

(1) Véxase o Apéndice derradeiro d'este traballo, que vertemos direitamente do francés ao gallego da obra citada de JUBAINVILLE, *(Les Dieux celtiques a forme d'animaux)* sobre da *Epopeya Irlandesa.*

Estas concepciós mitolóxicas constituían históricamente unha fase intermediaria entre da noción mais vella dos dioses en forma esclusivamente humana; mais elas, coma obxeta perfectamente D'Arbois de Jubainville (1), non deben de se confundir co a metempsícosis pitagórica que vaise á referir aos séres humans e non aos dioses ou aos xénios. Se a leenda dos dous porqueiros foi importada na Galia pol-os Druídas, poido ela sere mal interpretada coma sucede co a leenda de Êtâin (2) unha das causas da equivocación, que fixeron dar creto aos gregos, que os druídas insiñaban a metempsícosis pitagórica.

(1) *La métempsychose en Irlande* p. 141-142.

(2) Esta foi dona do rei supremo da Irlanda Eochaid Airem. Conta a leenda que miles de anos antes de se casar, nacira primeiramente como filla de Ailill, e durante a vida d'este primeiro nascemento, foi muller do dios Mider, somellante ao dios galo Medros, (*) que a leenda irlandesa dalle vecindade na Irlanda Durante a segunda vida de Êtâin, dempois do seu casamento con Eochaid Airem, ela e mais Mider fuxen do castelo real baixo da forma de dous cisnes. Mais tarde o rei c' o concurso d' un Druída, chegou á recobral-a sua dona.

De acó que non nos ademiremos que o célebre Wagner concíbise a letra e a música das suas sonadas e millores obras, ispirándose n-estos formosos asuntos mitolóxicos, e mais que outra cousa, quizabes, nas epopeyas irlandesas que lle deron materia d' abondo para recoller éisitos francos e perdurabres en todas aquelas, abríndolle o camiño da inmortalidade.

(*) FRANZ CUMONT na *Revue celtique*.—t. XXV p. 49-50, asenta que o dios galo Medros non debe de se confondire con Mithra, argumentando que Mider, fai Midir en xenitivo.—Para millor craridade do lector pode servirse esaminal-as notas da pax. 141 de *La métempsychose en Irlande* de ARBOIS DE JUBAINVILLE.

*
* *

Pol-o que respeita â relixión dos celtas, temos que convir, como conveñen cuáseque todol-os autores, que tivo duas épocas: a primeira moi sinxela, sin tempros nin estatuas; e a segunda c'os dioses representados dos gregos e dos romans e con edificios sagrados, nos que os primeiros celtas reverenciaban á un Dios Creador de todol-os séres, ao que tiñan por grande ofensa, representalo en figura humana e reducindo a sua grandeza en pechalo dentro d'un tempro.

Miraban o Universo, como moi logo diremos, cal se fora un santuario, e o invocaban fora das poboaciós, en lugares elevados.

O nome comun de Dios era *Teut*, (1) mais esto

(1) O Mercurio dos Galos nomeábase *Teutates*, diviñidade favorita d'este pobo, o que representaba ao Sol. Os druídas, non fixeron dos seus ídolos nin varós nin fémias, e en particular á Mercurio, para espresal-a pureza co a que os Galos debían de se arrechegáren aos dioses. Fundadas n-esta doctrina, tiñan órdes de *Druídesas* que gardaban de cote a sua virxinidade; outras que facían uso do matrimonio unha vez no ano; e foi moi inmenso o número de Druídas que observaban coma un principio da relixion, a mais austera continencia.

E así como os *celtas galos*, adoraron á Mercurio, os celtas hispanos, reverenciárono con este nome. Nos di Pezron que os españoles petaban na campa d'este dios Mercurium Teutatem e que por mor d'elo, Teutates tomábase por *tumulatus* ou *inferus*.

No *Comentario* de Lucano, vaise vere á *Teutates Marte e*

enténdase solasmentes de certos pobos célticos, pois n-outros, tendería nome diferente, dada a variedade local da sua léngoa.

O certo é—nos di Verea y Aguiar—(1) que prescindindo de dioses especiales e de segundo orde, que sin dúbida ningunha tiveron os gallegos para adorar aos astros e outras diviñidades importadas pol os fenicios e os gregos, recoñecian o Dios principal e espiritual cal o ademostra a verbe céltica *Endo,* que se interpreta *Deus*, Dios xeneral.

Endovelico foi a diviñidade mais nomeada na época de que tratamos no noso poema *Boicentril;* e os moimentos que dérono á coñecer, consisten en iscripciós, sendo as principales as atopadas na vila de Terena, distante sete légoas de Ebora (Portugal), en cuyo lugar tivo un tempro.

O epigrafista Grutero, no seu *Cuerpo de inscripciones,* o P. Florez na sua *España Sagrada* e o crego Don Miguel Perez Pastor na sua *Disertación* sobre do dios Endovelico (2) fan mención de quince iscripciós monumentales ao respeito d'esta diviñidade española, nas que se lle denomina *Endovellico, Endovollico*, e *Enobolio.*

Teutates Mercurio, Esus Marte e Esus Mercurio. Estos dous dioses galos, de que se trata, non poden seren cada un somellantes ás duas diviñidades diferentes a unha da outra, que o *Marte* e o *Mercurio* roman.

(1) *Historia de Galicia:* Investigación VII, pax. 129—Ferrol, 1838 —Imp. de Nicasio Taxonera.

(2) Emprentada en Madrid, 1760.

Non foron poucas as descomposiciós que de somellante nome de ese dios fixeron os autores para averigual-o seu orixe e significado, querendo uns que *Endo* veña á sere Dios na léngoa Céltica, e *Vellicus,* que signifique Marte, Tubal, Apolo, e hastra Cupido; mais Perez Pastor proba que Terena foi pobo dos Célticos, e que unha vez que éstos tiñan léngoa e relixión particular, o dios *Endovellico,* foi deidá dos celtas españoles, e pol-o tanto dos gallegos e portugueses; que o seu nome componse de duas verbes: *Endo* que significa Dios, e *Vellicus* que ven á sere unha corrución de Bellinus, (1) diviñidá celta, coma tamen foina dos Galos.

(1) *Belinus* ou *Belenus*, tiña varios nomes pol-os diferentes pobos da Galia, como o de Belis, Abelion, Dolichenius e Penninus, se ben facían todos relación ao Febo dos gregos e-ao Apolo dos romans porque, coma dentro d'estos, simbolizaban ao Sol n-este ídolo. Representábano baixo da figura d'un lindo mozo en coiros, mais sin especie, pol-o que SERVILL lle tivo por diosa. Os seus mais principales adoradores foron os Galos dos Alpes, que chamábanlle Penninus; y e inda que Caton *o Antiguo*, tivérao pol-o Apis exipcio e alguns que outros pol o Xúpiter Tonante, non cabe xa dúbida de que foi o ídolo simbólico do Sol, como levamos dito. Cando daban ao tal dios o nome de *Dolichenius,* se lle representaba coma Marte, vestido de armadura e de pe sobre d'un touro, debaixo do cal poñíaselle unha áiga sentada cara de él, e co as âs abertas. (*) A áiga e o touro fixoo tere,—á alguns anticuarios,—por unha representación de Xúpiter, cando se convirtiu n aquel cuadrúpedo para roubar á Europa.

(*) Ao abril-o foxo para facel-os cimentos d'unha casa de Marsella no ano 1658, atopouse unha estatua d'este dios na forma que se deixa dita.

Masdeu, Costa (J.) e outros, aprecian que Endovelico fora un Dios xeneral da Mitoloxía Céltica (1).

Leite de Vasconcellos, o erudito arqueólogo lusitano, na sua voluminosa obra *Religiões da Lusitania* (cap. II. p. 111-146), esprica científicamente, con vista das esploracios direitas feitas por él mesmo, que o tal Endovelico non foi nada mais que un dios local, e «*que tiña a propiedade de curar doentes*».

Murguía, o noso ilustre historiador gallego, ademostra con abondante craridade no seu ademirabre libro *Galicia* (2) que o dios predito, tivo grande arraigo na rexión gallega, descompoñéndoo d'esta maneira: *Endo* e *Bel*, supoñendo que a primeira verbe sinifica *Dios*, e que pol-o mesmo *Endovelico* foi a representación verdadeira do Sol na sua doble condición do primeiro principio e forza xeneradora.

O mesmo autor, na sua *Historia de Galicia* (3) fai observar que para unha lápida consagrada na Galicia ao dios Xúpiter, aparecen cinco que recordan á *Endovelico* como a diviñidade de mais creto e importancia que tiña e tivo a familia céltica; e por mor d'esto, agrega que sería curioso o de facer un mapa lapidario para se poidere apreciar se as iscripciós que se refiren á dioses puramente romans, alcóntrase n-aqueles lugares nos que se avecindaran colo-

(1) Pódense vere as obras d'estes celebrados autores *Historia Crítica de España* e *Mitología Celto-hispana*.

(2) Pax. 149-150.—Barcelona 1888.

(3) Pax. 504, 2.ª edición.—Coruña, 1906.

nias latinas, nasmentres que as dos dioses locales se discubren indistintamente nos mais esquencidos e nos mais notabres lugares da terra gallega, indicando, dendes de logo, que o culto nacional non desaparecera co a libertade da patria.

Coma todal-as iscripciós relativas â predita diviñidade son votivas, e en moitas d'elas esprésase que o motivo da adicación ven á se fundar no restablecemento da saúde, é preciso tere á ENDOVELICO pol-o Apolo médico, ou o Esculapio dos celtas españoles, ou seia Serapis (dios da meiciña), ao que, sigun reza a iscripción copiada por Rodrigo Caro, e outras noticias que temos, entre d'elas seu tempro na Lusitania, dábase culto na España, especialmente nos establecementos dos Celtas. (1)

* * *

A decadencia do druidismo foise aumentando por mor da influencia romana na Galicia, impoñéndose o trunfo definitivo da relixion oficial do pobo domeñador, mais non tan axiña, que non se provocara antes unha revolta relixiosa, sostendo os celtas gallegos a veneracion dos seus vellos símbolos

(1) BASILIO SEBASTIAN CASTELLANOS: *Breve compendio de la fábula ó la Mitología Universal en miniatura*, etc. Madrid 1844 p. 132-134.

aos que non terían de chegar á abandonalos ende xamais.

Impodentes para destruil-os seus efectos, os novos conquistadores pol-a sua parte,—sin deixaren de introducil-os seus propios,—non fixeron mais que romanizal-o culto e os dioses peculiares dos nosos mayores, xunguindo o nome do Dios roman ao do Dios celta, con cuyo carácter e atributos, preséntase o exemplo de se trocar en Marte-Cailocieco (en Tuy); Xúpiter-Ládico (nos codos de Larouco); Xúpiter-Candamio (no monte do seu nome), e outras diviñidades somellantes, recibindo algunhas d'éstas especial adoración dos celtas gallegos no concepto —cal opinan Jubainville e Saralegui y Medina—de accidentes locales ou montes e lugares deificados; o mesmo que «los dioses *Vosege* de los Vosgues; *Pennin* de los Alpes; *Bribacta* de la capital de los Eduos; *Arduina* de los Ardennes, y varios otros de sus hermanos de la Galia vecina, de Bélgica y de Italia» (1).

O carácter do politeísmo na Galicia durante o curso da ocupación romana, foi mais ben que coma unha nova relixión, unha recapitulación das diferentes recorridas pol-as primeiras especulaciós relixiosas da familia Aria, no chan gallego (2) ao contacto da diversidade de pobos colonizadores que se aveciñaran dentro d'eles, e cuya aición respectiva trouxo a va-

(1) SARALEGUI: Ob. cit. pax. 180.

(2) MURGUÍA: *Hist. de Galicia*, páx. 510 e 511.—II t. Segunda edic.—Coruña 1906.

riedade de númenes e diviñidades de orixenes fenicio, grego e roman (1) os que xuntos, e c'os considerados coma os nativos do país, nos é fácele recoñecer, xeneralmente, baixo do nome do dios Céltico, a asimilación dos de outros pobos ou razas invasoras (2) relembrándonolos á éito, as iscripciós votivas que se alcontran nos éidos gallegos.

(1) *Hércules* (na Cruña); *Isis* y *Osiris* (en Padrón); y ENDOBEL o *Antubel* (no monte Xerez e outros); *Hércules Jónico* (en San Pedro de Soandres) e *Diana* (en Lugo Padrón e na Cruña); *Júpiter* (en Montefurado e mais en Lugo); *Marte* e a *Fortuna* (na Cruña); *Juno* (en Monterrey); os dioses *Viales* (en Araujo); as *Ninfas* (en Caldas de Cúntis, Chaves e Bande), e as *Mádres*, (na Cruña) (*)= Véxanse as obras de MURGUÍA *Historia de Galicia*, (nota pax. 505— II. tom.-2.ª edición 1906) e de SARALEGUI Y MEDINA. *Estudios sobre la época Céltica en Galicia*, (pax. 181-citada).

(2) «En Chaves *Ermae, Eiduori;* el Hermes romano, dios del Comercio, de la Elocuencia y de los Ladrones, mensajero de Júpiter y de los dioses del Olimpo; en Freixo de Namaon, los lares *Turolios* ó de los Turolicos; en Ginzo de Limia. *Bavdva, Baudiar, Baudeahetho (deo frumenti)* según Zeuss, Gram. célt. 239; la *Ceres* gallega del ilustre P. Fita; y en Padrón, *Netaei, Neton, Neith* (marido de Neamon, dios del combate, Marte, como lo indica Macrobio (Saturn. I, 19) citado tambien por el insigne autor de los *Restos de la declinación céltica* y *celtibérica*»—SARALEGUI Y MEDINA, Ob. cit. p. 181.

Pódese tamen vere a nota da pax. 505 da 2.ª edición, tomo II da *Historia de Galicia* de MURGUÍA.

(*) As *Diosas Matronas* ou señoras dos Galos (as tres *Diosas Madres)* foron tamen veneradas na Galicia na aceición de *Parcas* co as mesmas funciós das Parcas greco-romanas *Clotho, Lachesis* e *Atropos;* confirmándose esta opinión por unha iscripción atopada na Cruña e que consignan varios historiadores como GRUTERO, CASTELLLANOS, MARTÍNEZ PADIN, VICETTO, MURGUÍA e outros, intre os que citaremos tamen á JOSÉ PUENTE Y BRAÑAS no *Eco de la Revista*. Coruña, 1852.

Pol-a falla de tempros, estatuas e atributos da relixión dos nosos antepasados,—din varios sonados escritores—no período da sua incorporación do Imperio roman, prívanos de penetrar no misterio dos que se alcontran arrodeadas varias d' aquelas diviñidades, así coma tamen do culto que se lles tributou en Galicia, e que nos pon en conocimento, do retraimento das clases mais influintes e sabias, nas que deben de se perpetuaren as creencias e as doctrinas druídicas, hastra o istante que, prestarían o seu concurso, para o asentamento e propaganda do Cristianismo, â sombra do trono erguido por Hermenerico, riba das ruinas da domeñación romana no noso chan gallego.

* * *

Cando no sigro V da nosa Era, o imperio roman do Occidente socumbe, facía prèto de catro sigros que na Galia desapareceran os Druídas sin deixaren mais sombra que o seu recordo.

Na mesma Gran Bretaña a domeñación romana suprimira o druidismo en todos aqueles lugares onde ela tíñase establecido, manténdose nada mais que nas poboacions célticas, e quedando independientes ao Norte do *uallum Antonini:* por romate, que a sua situación primeira, quedou intacta na Irlanda.

APÉNDICE IV

Os dioses celtas virados animales.—Mitoloxia céltica

Os paganos adoraron â Natureza tal coma á eles se lles presentaba: no primeiro lugar no Céo, do que proven o día, a calor e o rayo; no segundo no Mar por sere propicio e á éito perigoso para a navegación; e no terceiro na Terra que habitamos.

Cando os gregos deron forma humana aos seus dioses, persoificaron por este órde: o Ceo en Zeus, (Xúpiter), marido de Héréo ou Xuno (1); o Mar en Poisendon (Neptuno) marido de Anfitrites (2), e a

(1) Non soilo foi dona de Xúpiter, se non tamen hirman. Domeñaba c'o seu marido os dioses e os homes, pol-o que o seu culto foi universal, dándoselle con maxencia en Argos, Samos, Micena, Cartago e Elis; celebrándose n-esta vila cada cinco anos os xogos Hérenos. A sua festa principal se chamou *Hera* ou *Junonia* e tamen *Hecatombe* por mor dos cen bois que se lle ofrecían.—Foi proteitora dos matrimonios, e as mulleres xuraban pol-o seu nome. Seu animal simbólico foi o pavo real.

(2) Filla do Oceano (Nereo, dios marino) e de Doris. Seus principales fillos, foron Triton, Porcus, Proteo, Vertumnos e Glaucus. Suas servidoras (o mesmo d'ela, que do seu marido Neptuno) foron as cincuenta Nereides fillas de Nerea e de Doris.

Terra en Hadés (Pluton), marido de Perséfone (Proserpina. (1).

O dito orde vaise vere n-un pasaxe do *Tain bó Cúailngi* da grande Epopeya Irlandesa, na que se alcontra a mais antiga forma do xuramento céltico.

«Este xuramento—nos dí D' Arbois de Jubainville (2)—inda non había tomado o vestido antropomórfico, baixo do que se presenta a mais antiga mitoloxía grega.»

* * *

Os celtas, sigun sabiamente tratou Salomón Reinach (3), parece que tiveron, coma outras razas, aos animales por diviñidades; e o dito Jubainville, na sua repetida obra, confirma que coñeceu dous torozos épicos irlandeses onde se ven dioses trocándose en forma de animales, cal a do touro de Cooley, un dos persoaxes mais importantes da principal Epopeya Irlandesa, é decire, do *Tain bó Cúailngi*, non o do roubo de Elena, se nos o das vacas de Cooley (4).

O *Minotauro* nasceu da xuntanza de «Pasipháé, fille du soleil, avec un toreau du roi de Crète Minos» (5).

(1) Filla de Xúpiter e de Céres. Roubouna Pluton partindo co ela ao imperio dos infernos.

(2) Ob. dit. p. 144.

(3) *Cultes, mythes et religions*, t. I.-p. 30-78.

(4) Véxase o Apéndice derradeiro *A Epopeya Irlandesa*.

(5) D' ARBOIS DE JUBAINVILLE, Ob. cit. p. 153.

O touro de Cooley proven do resultado do derradeiro viramento de Friuch, gardador dos porcos do dios Bodb.

Friuch, foi trocado, primeiramente, en corbo, dempois en animal mariño, de seguida en guerreiro, e derradeiramente en estadea ou pantasma.

O seu domicilio viñao tere n-un pozo, convirtíndose n-un vérmio; bebendo a áugoa d'este pozo unha vaca traga este vérmio maravilloso índolle á preducil-o nascemento d' un touro *(tarb-taruos)* de Cooley. O nome do tal touro foi o de DONN, que empleado coma adxetivo ven sere *coor*, e coma nome *xuez*, *nobre*, *rey* (1).

N-un curiosísimo traballo do ilustre pubricista marqués de Cerralbo (2) refiríndose aos dioses iberos, relata que atopou n-unha campa, un d' éstos somellando «una ruda-cabeza de bóvido y un escarabajo.» «Pudo ser el bóvido—esprica—la representación de Isis y el escarabajo la de Khopri. Aquella la luna que se renueva, éste el sol que renace; una y otra triunfando de la muerte. Estas tradiciones egipcias trajeron á Iberia los fenicios y griegos como se comprueba por muchos datos, sobresaliendo de todos, las maravillas del Cerro de los Santos y varias inscripciones reseñadas por Hübner.»

---

(1) D' ARBOIS DE JUBAINVILLE Ob. cit. p. 153-154.

(2) *El Alto Jalon: Descubrimientos arqueológicos.* Discurso leido en Junta pública de la Real Academia de la Historia el 26 de Diciembre de 1909.—Páx. 81, 82, 83.

Sigue facendo o señor marqués outras consideraciós moi dinas de se teren en conta ao respeito de coma os ídolos representábanse cal o da nai de Horus en cornos de vaca, dos que naceron os trocamentos gregos de Isis en Hera, da Diosa peláxica Yo e da fenicia Astarté, todas representadas por *cabezas de vaca,* ou pol-os *seus cornos.*

Fai deducil-o erudito escritor, pol-os ídolos alcontrados en Trinto e Micenas, que somellan á Hera, e dos que tamen se alcontráran na illa de Costig, representando ao boi Apis en homenaxe á Helios (o Sol), coma os dous touros do rey Augias, que poideran seren aqueles, o Zeus Astercos, o touro roubado que dendes da Fenicia â Creta, levouse á Europa, cuyo fato foi adorado en Sidon e se ademira nos soberbos salós do antigo pazo dos Dux de Venecia.

«Y siendo Costig—continúa—una Isla siempre castigada por las tormentas del mar ¿no fueron las incomparables cabezas bovídeas, votos pretendiendo calmar el furiosísimo toro de Creta o de Minos que creado por Poisendon había de ser solo vencido por Hércules y Teseo, imagen aquel de la horrible tempestad marítima?»....

APÉNDICE V

Costumes célticas.—Roubos nas mámoas

Pol-o que dito levamos no Apéndice 2.º, o Castro de Boicentril, estaba poboado pol-a familia arrotreba d'este nome.

Varios autores antigos e modernos, nos contan, que cando os celtas chegaron aos nosos éidos, para se apoderaren d'eles, atopáronos en un adianto superior ao seu.

Estrabón, Polibio, Diodoro de Sicilia, Humboldt, Murguia, o Marqués de Cerralbo e outros, nas suas respeitivas obras, non solo asentan que tomaran os costumes, se non que hastra os dioses dos Iberos; e ateñéndonos ao que nos dí Fernando Fulgosio nas suas curiosísimas *Crónicas* (1), o celta da Cruña, era de carácter morriñoso e cauteloso, mais ende xamais bárbaro. Dispreciaba os traxes das côres vistosas e rechamantes prefirindo os negros. Levaba de cote o caxado na destra, bebía o leite dos seus gandos con cuya manteiga amañaba o alimento. Adoraba á un *soilo Dios,* (que siguramente poidera

(1) *Crónica de la provincia de la Coruña,* p. 22.—Madrid, 1866.

sere *Endovelico)*, á quen non erguía tempros. Tiña as suyas leises e vivía en sociedade regularmente organizada.

Refiríndose o sobredito marqués de Cerralbo á un tempro megalítico de Monreal de Ariza (1) especie de *cromlech*, relata que a llanada artificial onde o tal moimento foi levantado, debería de sere para a asistencia do pobo ao rito que celebrase o pontífice da tribu, o seía á seu Yaungoico (Dios) sin representación material, «dudando—observa—si es más bárbaro e inculto llegar al iconismo de los betyles».....

E aludindo á Estrabon, cando asenta este xeógrafo antigo que as familias célticas da Iberia facían os seus xantares da festa ao longo dos muros das suas respeitivas vivendas, añade que discubríu cantidade grande de cinzas soterradas no redor d'un castelo ciclópeo en Santa María de Huerta, (provincia de Soria), e hastra debaixo das muralas, no seu arrimo c'o castelo.

***

Sobre d'este particular xa Verea e Aguiar (2) nos veu á informar que cuáseque todol-os *tumulus* (*mámoas)* gallegos, están abertos pol-a cobiza das alhaxas que dentro d'eles deberon alcontrarse.

(1) Ob. dit. p. 69-70.
(2) Ob. dit. t. I. p. 101.

Murguía tamen na sua obra *Galicia* (1) presenta exempros á feixes d' esta natureza, coma igualmente Villaamil y Castro (2), Saralegui y Medina e moitos mais, entre dos que citaremos aos nosos intelixentes amigos Federico Maciñeira e Santiago de la Iglesia Santos que por mor de estudios que teñen feito direitamente nas comarcas de Ferrol e de Ortigueira, son donos de varios ouxetos atopados nas suas investigaciós dentro d' esta clas de moimentos.

E agora mesmo, o tamen noso amigo D. Andrés Martínez Salazar, acaba de pubricar un traballo somellante no *Boletín de la Real Academia Gallega* (3) que nos impon da infinidade de *mámoas* que foron abertas nos comenzos do sigro XVII, levadas as xentes do afan de adiquirir tesouros para facérense axiña ricos. Naturalmente que non deixou de habere algun que pillou mais traballo que proveito....

E non solasmentes, fora de sentire o chasco que moitos se levarían, se non as consecuencias que se lles proporcionaron; posto que á alguns formóuselles causa por estrevérense á abril-as mámoas sin o permiso real.

O saqueo d' éstas, viña de lonxe, coma vemos: para aqueles que as rexistraban, non tiñan outro motivo que seren «cobas onde os mouros houberan pechado grandes riquezas», inda que non faltase quen

(1) Páx. 95 á 105.

(2) *Ant. preh. y celt. de Galicia*, páx. 59 á 63.

(3) Núms. 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35 e 36.

conocéndoas millor, as alcumease *sepulturas de xentiles* (1).

No sigro XVII, o crego Pedro Vázquez de Orejas, litigaba ante da Audencia da Cruña con varias persoas que sin o permiso do Rey, abriran en algunhas xurisdiciós da provincia de Lugo «mámoas, medorras y Castros donde había tesoros y sepulturas de gentiles.» (2)

Por aquela mesma fecha o Sr. D. Tomás Mosquera, xuez pol-o rey das minas e tesouros de Galicia (3), instruíu causa por somellante delito, á Juan Somoza, familiar do Santo Oficio, interviñendo no asunto por mor d' elo, a Inquisición de Santiago. Tanto dos documentos coma das declaraciós, se ven en conocimento que se trataba d'unha *mámoa*, limpada con boa fertuna, que estaba no monte Lobens, térmos da freigresía de Oyn, sacando d' ela *(mina da Medela)* «cinco barras cadradas de palmo e medio de largo pouco mais ou menos e de tres dedos ancho, de ouro, que pesaban 24 libras que foron pagadas cada unha d' éstas á razón de 200 ducados»; «sin que deba entenderse que se encontraron así en el tumulus, sino que los objetos que encerraba, fueron

(1) MURGUIA: *Galicia*, p. 99-nota

(2) O mesmo Estado permitía a destrucción d' estas mámoas, pois recollía á sua parte, e non era lícito abrílas sin o permiso real. MURGUIA, *Galicia*, p. 99-nota.

(3) Sería curioso o saber—dinos *Murguía* na sua ob. dit.,—de cando data o cargo e hastra que tempos durou.

fundidos y dieron por resultado las cinco barras en cuestión.» (1)

A rapiña, según refirimos, facíase á éito e c'o permiso indireito e a intervención dos achegados ao goberno sin que á éste nin á ninguen se lle alcanzase a importancia de conservaren os ouxetos, que á míudo se descobrían; sendo de lamentar, como di o veterano e erudito Murguía—que ningún curioso os recollese, estudiase e libertase da sua inmediata destrucción (2). Todol-o contrario: tanto maores foran as riquezas atopadas, tanto mais tentaban a cobiza das xentes.

Vendíanse varillas para discubrir tesouros; e buscábase e consultábase para o caso o *Libro de San Ciprián.*

No ano 1683, púxose na Catedral de Ourens un edito prohibindo a venta das varillas ditas; e mais d' un crego foi penitenciado pol-o Santo Oficio «por haber ido á discubrir tesouros con estola, incenso e o nomeado libro de San Ciprián».

E con tales antecedentes, non fora estrano que a febre da rapiña n-esta clas de moimentos, continuase durante o sigro XVIII (3). O P. Sarmiento, así o da á entender, falando do Pico-Sagro: «No hallo inconveniente,—escribe,—en creer que la fábula de los tesoros encontrados y la necedad de los que en las

(1) MURGUIA—*Galicia*, p. 99-nota.
(2) Ob. cit. pag. 99.
(3) MURGUIA—*Galicia*. Ob. cit. p. 99-100.

mámoas hallan tesoros, se inventara para ocultar grandes latrocinios»; agregando Murguía: «Faltó esta vez á nuestro benedictino aquella gran penetración de que á cada paso da muestras; y es lástima, pues pudiera haber salvado mucho, á poco que lo intentase. En cambio las palabras transcritas son prueba evidente de que las mámoas siguieron siendo explotadas todo el siglo XVIII sin que el saqueo cesase en el XIX, que concluyó por dejar bien pocas con vida.»

Non é fácele precisar, en Galicia, as localidás onde mais abondan as *mámoas,* por «*ire desaparecendo,* como dí o ilustre Murguía, *as mais caraiterís-cas*», hastra n-aquelas comarcas mais estéreas, nas que foron frecuentes os tumulus ditos.

Verea y Aguiar na sua *Historia de Galicia* (pá xina 101), esprica que había abondancia d'eles na xurisdición de Montes (Pontevedra); o mesmo Murguía, asegura que víu n-un dos seus viaxes, os principales dendes do Barbanza á Laxe; siñálanse moitísimas nos partidos de Ferrol e Ortigueira; e o Padre Sarmiento asenta que entre Padrón e Noya, atópanse a feixes, añadindo que os tales moimentos miraban cara o mar occidental, onde os antigos sopoñían que estaban os Campos Elíseos, particularidade, esta derradeira, que poidera servire de guía para siñalal-os pobos á que pertenecían.

Os dioses trocándose animales na literatura épica da Irlanda

TERCEIRA PARTE

Roubo das vacas de Regamain. — Casta dos dous porqueiros Friuch e Rucht. — Os dous corbos. — As duas focas ou baléas. — Os dous campiós. — Os dous pantasmas ou estadéas. — Os dous vérmios. — Os dous bois bravos ou touros.

APÉNDICE VI

Roubo das vacas de Regamain (1)

Cûchulainn—o grande héroe épico irlandés—atopándose en Dûn Imrid—quedouse prefundamente dormido; mais no millor do sono, despertóuno un berro que sintíu oubir do Norte cara d' él. Este berro pareceulle moi irto e moito desagradabre, por maneira, que ao se despertar caeu do seu leito coma se fora unha masa, sobre do chan na parte da casa que daba cara ao Levante. Sale da casa sin armas, e en coiros; e cando xa se alcontraba no campo, a sua dona (2) chega correndo tras d' él, fora da mesma casa, levándolle as suas armas e a sua roupa.

(1) *Táin bo Regamna.*—Vindisch, *Irische Texte,* segunda xeira, segundo cuaderno p. 241-254.—Nota de D' Arbois de Jubainville, da sua ob. cit. p. 164.

(2) A muller de Cûchulainn chamábase Emer. Fora á sua lexítima dona. Tivo por rival á Fand, diosa que estivo casada c'o dios Manannan, (mac Lir, que quere decir *fillo do mar).* Manannan abandonou certo día á ésta, e ela, foi vivire c' o héroe irlandés; mais soparándose logo d' éste, volveu á sere a esposa do Dios dito. Manannan, debeu mais tarde, aló pol-o ano 600 da nosa Era, sere o pai real do rei Mongan, fillo putativo do rey de Ulster, Aidán mac Gabrâin.—Véxase á pax. 36-37 da obra de D' Arbois de Jubainville *Les Celtes,* 1904-París.

Moi logo veu á Lôeg—seu carreteiro—que viña de Ferta Laig, ao Norte, no seu carro, aparellado con dous cabalos.

—¿Qué causa é a que te trae acó?—pregúntalle Cûchulainn.

—Un berro que atravesou a llanada—responde Lôeg.

—¿De onde partíu o berro?—ouxétalle Cûchulainn.

—Do Noroeste—contesta Lôeg—siguindo a longa ruta que vai á Caill Cûan (1).

—¡Imonos!—dí con imperio o héroe.

Entrambos á dous, marcharon cara á Ath dâ Ferta (2). En canto chegaron á este lugar sintiron o ruido d'un carro que se atopaba á caron de Grellcha Culgairi (3). D'aquela viron diante d'eles o carro que tiña xunguido un soilo cabalo roxo. Este cabalo non tiña mais que unha pata. O éixo do carro pasáballe á través do corpo; a cabezalla salíalle pol-a frente, e esta frente servía de sosten â aquela.

Riba do carro había unha muller roxa c'os seus sobrecellos roxos, manta roxa e túnica da mesma côr. A manta dita, penduraba d'entre das duas rodas do carro barrendo o chan.

Prèto do carro iba un home de grande talla coma un lanzal, arrodeado seu corpo de unha túnica roxa e termando d'unha lanza de côr cinza e unha

(1) Porta de madeira.

(2) Vado das Maravillas.

(3) Lameira de ruido de carro.

poda maciza de abelaira, conducindo diante unha vaca.

—A vaca non vai á xeito conducida por tí—dí Cûchulainn ao home.

—Ela non te pertenece,—respóndelle a muller—Non é vaca de ningun dos teus amigos nin de ningun dos teus compañeiros.

—Todal-as vacas de Ulster son miñas—reprica Cûchulainn.

—Tí, Cûchulainn, créelo sere así, pois alongas a man de mais—contéstalle a muller.

—¿Por qué esta muller ha me de dirixir a fala e non o home?—pregunta o héroe.

—Non é ao home á quen tí mesmo te dirixes—responde a muller.

—E verdá di Cûchulainn—mais se o fixen, obedeceu á que tí falaches por él.

—Este home—ouxeta ela—chámase Húar-gáeth-sceo, Lúachair-Sceo (1).

—¡Ouh!—berrou Cûchulainn—que nome tan desmasiadamente longo! Vaya, que seias tí a que ha de falar conmigo xa que o home non fala. ¿E tí como te chamas?...

D' aquela o home encomenza á falar, contestándolle:

—A muller á quen tí te dirixes, noméase Fáebor, Beg-béoil, Cuimduirfolt, Scenb-gairit, Sceo-úath (2).

---

(1) Moito vento, Moita Cana.

(2) Tronzando, Pequenos beizos, Tamen pequena cabeleira—Espiña corta, Moito terribre.

—¡Viradesme tolo!—reprica Cûchulainn.—E de súpeto salta riba do carro da muller, pon os seus pes sobre das espaldras e a punta da sua lanza sobre da cabeza d' ela.

—¡Non xogues co a punta da lanza sobre de min!—dille a muller.

—¡Dime pois teu verdadeiro nome!—contesta Cûchulainn.

—Eu, estou ameigada; respondeu.—Esta vaca que trouxen pertenece á Daire fillo de Fiachna de Cooley (1). Recibina en pago d-un poema.

—Tería grandes deseios de oire o poema dito —contéstalle Cûchulainn.

—Solasmentes pídoche que te retires lonxe—contesta a muller.—Non pillarás ningunha ventaxa en encabuxarte, coma d'éste xeito o ves vindo facendo contra da miña cabeza.

E recuando, e manténdose, verbo d' eso, entre das rodas do carro, cantou seu poema.

Cando o houbo rematado, Cûchulainn abalanzouse empeñándose en brincar no carro d' esta muller; mais d'aquela non veu carro, nin cabalo, nin muller, nin home, nin vaca. O que víu foi â muller trocada en páxaro mouro, pousado sobre da pola de unha albre, prèto d' él.

—¡Tí eres unha muller terribre!—dixo Cûchulainn.

—Grellach—(2) respondeu ela—é o nome do lugar

(1) Véxase o Apéndice derradeiro *Os dous touros*.

(2) Lama.

onde nos atopamos; e así, hase de nomear dendes de agora Grellach Doluid (1). Dempois e de cote, alcumearase Grellach Doluid.

—Se eu houbera sabido que foras tí (Badb diosa do crímen)—repricou Cûchulainn—non sucedería que teríamos que sopararnos.

—O que tí fixeches—dí ela—atoparalo mal.

—En de xamais poiderás nada contra de min—respondeu o héroe.

—Eu o poido todo—contéstalle a muller—Eu son e serei a proteitora da morte, pol-o que tí tes de secumbir. Trouxen esta vaca do pazo dos Xénios de Crûachan para facela cobrir pol-o Negro de Cooley, é decir, pol-o boy bravo de Daire, fillo de Fîachna. Tí tes de estar vivo hastra que o terneiro que se alcontra no ventre d'esta vaca cumpra o tempo d'un ano. El será quen ha de precural-o roubo das vacas de Cooley (2).

—Eu, d'aquela,—dixo Cûchulainn—chegarei á adiquirir mais celebridade por mor d'este roubo. Eu matarei seus guerreiros; vencerei nas suas grandes batallas. Eu hei de vivir mais que o roubo das vacas de Cooley.

—¿Cal é a tua podencia para alcanzare eso?—ouxétalle a muller.—No acto do roubo das vacas de Cooley, tí tes de loitar con un home tan varudo, tan

(1) Lameira corruta.

(2) O touro dito *Donn Cúailngi*, quere se decir, Brun de Cooley.—Véxase a pax.ª 44 da presente obra.

victorioso, tan destro, tan terribre, tan infatigabre, tan nobre, tan bravo e tan grande coma tí (1). Será unha anguía que ha se de enrolar nos teus pes, no vado, e ten te de facer moito daño.

—Xúroche—dille Cûchulainn—e xúroche pol-o Dios que xuran os veciños de Ulster, que te esnaquizarei contra das pedras verdes do vado, e ende xamais terás cura se non me deixas acougar.

—Eu serei—contesta a muller—unha loba teixa que ten de te atacar, e hei te de collel-a man dereita e a devorarei hastra o brazo esquerdo.

—E eu, en canto ti veñas cabo de min—responde Cûchulainn—firireite co a miña lanza, chegarei â tua cabeza e crebareite un ollo, ben seia o esquerdo, ben o dereito, e non has de te curar hastra que me deixes tranquilo.

—Eu serei unha vaca branca—reprica ela—co as orellas roxas: lanzareime â áugoa prèto do vado, nasmentres que te atopes mais entretido en combatir c'o home que é tan destro coma tí; e cen vacas brancas, con orellas roxas, han me de siguir. Todas hemos de nos botar tras de tí no vado, e n-este día, manifestarase a verdade sobre dos guerreiros: e teremos a tua cabeza.

—Eu—contesta Cûchulainn—lanzarei unha pedra da miña fonda, e o teu talon esquerdo e mais o dereito serán desfeitos, e non tenderás secorro de min, se non me deixas en paz.

(1) *Loch mac Emonis*

Dempois d' esta conversa, Badb (que tamen no. meábase *Morrigan,)* á diosa do crimen, foise para a sua casa.

NOTA ACRARATORIA

Na grande Epopeya do *Roubo das vacas de Cooley* vaise ver á Badb, baixo do nome de Morrigan, anunciar de novo, e emprendendo contra de Cûchulainn, todal-as tentativas riba ditas por ela; mais éstas saïron bulradas todas coma o héroe habíao agoirado. (1)

CASTA DOS DOUS PORQUEIROS (2)

Non deixará calesquer de preguntar de onde dimana ou proven o orixe do *Roubo das vacas de Cooley*. Non é difícile a resposta: A primeira causa

(1) Cf. *Lebor na hUidre* p. 74-77; L. Winifrid Faraday, *The Cattle-raid of Cualnge,* p. 74-82; Eleanor Hull, *The Cuchullin Saga* p.164-169. Este episodio da grande Epopeya Irlandesa falta no Libro de Leinster; mais foi conservado pol-o manuscrito do Museo Británico, adicional 18748, onde se atopa a mesma redacción do Táin que no Libro de Leinster=D' ARBOIS DE JUBAINVILLE.—Ob. cit. p. 170—nota.

(2) Windisch, *Irische Texte*—3.ª xeira—1.º libr.—p. 235 e siguientes—D' ARBOIS DE JUBAINVILLE ob. cit. p. 171—nota.

do roubo dito fúndase na «casta dos dous porqueiros» baixo do título do torozo da *Epopeya Irlandesa,* d' este xeito:

I

OS DOUS PORQUEIROS

Friuch fora porqueiro de Bodb, e Rucht porqueiro de Ochall Ochné. Entrambos á dous habían tido unha querela; mais a paz foi feita entre Ochall Ochné, rei dos xénios de Connaught e Bodt, rei dos xénios de Munster.

Bodb, foise ao seu pazo de Munster co a sua *sîd* de Femen (1), e Ochall Ochné marchou tamen ao seu, co a sua *sîd* de Crûachan.

Se Bodb e Ochall foran amigos, os seus porqueiros Friuch e Rucht fórano tamen.

Para amostral-o grado de amistade que os duos porqueiros tiñan, baste manifestar que, se habia abondancia de landras no terreo da parte Sur, ou seia en Munster, Rucht, o porqueiro do Norte (Connaught), levaba seus cochos á comer landras en

(1) Nos arresgamos—dí D'ARBOIS DE JUBAINVILLE na sua ob. dita—á traducire d'esta maneira a verbe irlandesa *Side* que se poidera tamen tomar por *diosa* ou tamen por *fada* se a verbe francesa non fora femenina; e para o caso, apricámolo nos, tamen, â léngoa gallega.

Munster, ou viceversa: cando en Connaught abondaban as landras e había falla d'elas en Munster, Friuch, o porqueiro do Sur, dirixíase c'os seus porcos famentos á fartalos en Connaught.

Mais o diaño que de cote se encerella, buscando o modo de fomental-o mal, meteu en querela aos dous porqueiros: cando os porcos de Connaught ibanse á engordar en Munster, os xénios de Munster súditos de Bodb, decian que Friuch, seu porqueiro, era mais varudo que Rucht o porqueiro de Connaught e de Ochall; e cando os porcos de Munster iban se á enchere en Connaught; os xénios de Connaught alegaban que Rucht, seu porqueiro, era mais varudo que o de Munster.

Un ano que había abondancia de landras en Munster, Rucht, o porqueiro de Connaught e de Ochall, levou os seus porcos á comer n-elas nos lugares de Munster, na compaña dos do seu camarada Friuch, porqueiro de Munster e de Bodb.

Dempois de lle dar a benchegada Friuch á Rucht, fálalle aquel d'este xeito:

—Xa que tí viñeches acó, deberías de decatarte que temos unha querela entrambos á dous. Os xenios de Munster proclamaron que tí és mais forte que min; que a tua habilidade é moi superiore â miña....

—Eu—reprícalle Rucht—non son menos habilidoso que tí.

—Pódese probar—contesta Friuch—Eu farei que os teus cochos enfraquezan, cando coman as landras, entroques que os meus se cebarán.

A mala fada que lle botou Friuch, foi comprida. Rucht, retirouse á Connaught c' os seus porcos fracos, en estado tan lastimeiro que daba noxo velos marchar. Os xénios de Connaught mocáronse d' él.

—Escollíches mala época no teu viaxe á Munster,—dícenlle seus veciños.—O teu compañeiro, é moito mais forte que tí.

—Non é verdade:—respondeu Rucht—outra anada virá na que eu tenderei landras d' abondo en Connaught, e d' aquela xogarei á Friuch a mala pasada que él á min me xogou.

E así sucedeu tal cal o dixo.

N-efecto, ao cabo d' un ano, Friuch, o porqueiro de Munster, emprendeu camiño do Norte c' os seus porcos famentos, á fartalos de landras; e d' aquela Rucht, o porqueiro de Connaught, botou a sua maldición sobre dos cochos de Munster, coma Friuch botáraa no ano anterior sobre dos de Connaught.

E veuse axiña que aqueles malográronse n-éste ano, como malográranse no anterior os derradeiros.

Por mor d' esto, todo o mundo apreciou que entreambos porqueiros eran tan fortes un coma o outro.

II

OS DOUS CORBOS

Friuch retirouse á Munster c' os seus cochos mortos de fame; Bodb, rei dos xénios de Munster,

quítalle d'aquela os animales; e Ochall, rei dos xénios de Connaught, retíralle os seus á Rucht.

Ambos á dous porqueiros, viviron baixo da forma de corbos por cabo dous anos.

O primeiro ano fórono pasar ao Norte, en Connaught, debaixo do castelo de Crûachan; e no segundo cadróulles de pasalo en Munster, á caron do pazo dos xenios que se nomeaba *Sîd de Femen.*

Non ben estaba para rematar este derradeiro ano, os veciños de Munster axuntâronse un dia en asamblea, decíndose uns aos outros.

—Non é pequeno o barullo que os paxáros farán diante de vosoutros. Vede alí un ano enteiro que eles estiveron zorregándose. Este ano remata hoxe.

E ao falar d'esta maneira, viron diante d'eles sobre do outeiro onde se celebraba a xunta, parárese o intendente de Ochall, rei dos xenios de Connaught, que se chamaba Fuidel, fillo de Fiadmir. Os habitantes de Munster déronlle a benvida.

—Forte é, —dícelles —o barullo que fan os paxáros diante de vosoutros. Soméllase ao que no ano derradeiro fixeron prèto de nos en Connaught; e o mesmo barullo farán hastra o remate d'este ano en que estamos.

De seguida, os veciños de Munster, viron unha cousa maravillosa: os dous corbos tiñan tomado forma humana, recoñecéndose n-éstes aos dous porqueiros. A asamblea dalles a benvida.

—Habedes de saber que é inxusta a benvida que nos dades —dícelles Friuch o porqueiro de Bodb—.

Da nosa loita que entrambos á dous acabamos de soster, resultará a morte de moitos homes queridos, e serán de se lamental-as consecuencias.

—¿Qué, xa habedes chegado? pregúntalles Bodb.

—Iinda que chegáramos—respondeu Friuch—non vimos satisfeitos. Dempois do noso viaxe, estivemos vivindo baixo da forma de corbos durante dous anos enteiros, que hoxe remataron. Tedes xa noticia do que fixemos, todo un ano, baixo da forma de corbos á caron do pazo dos xénios de Crûachan, en Connaught; e dempois, durante outro año, baixo da mesma forma, prèto do pazo dos xénios de Femen, en Munster; por maneira que os veciños de Connaught ao Norte, coma os de Munster ao Mediodia, nos viron zorregar fortemente un contra d'outro. Iremos d'este xeito mantendo este viramento en animales mariños. Viviremos debaixo dos mares e debaixo das áugoas hastra rematar outros dos anos mais.

III

AS DUAS FOCAS OU BALÉAS

Dempois os dous porqueiros fuxiron d'outeiro onde se celebraba a xunta, e colleron cada un por camiño diferente.

Un d'eles foise ao Shannon e o outro ao Suir (1),

(1) Estos dous rios teñen seu oríxen, o Shannon en Connaught, e o Suir en Munster.

permanecendo dous anos enteiros no fondo dos mares e baixo das áugoas.

Durante un ano se lles víu morderse un ao outro no Suir; e durante outro, víuselles loitar un contra d' outro no Shannon.

Certo día, que os veciños de Connaught habíanse axuntado sobre das beiras do Enay, afluinte do Shannon, decátanse de dous animales arrumbados coma unha montaña e así ben altos coma o curuto d' ésta, que s' erguían, e que se batían un contra d' outro. Das suas grandes bocas, salían coitelos de lume que tocaban co as nubes do Céo. De todos os lados a multitude víuse arrodeada d' eles.

Os dous animales, saíron de súpeto da áugoa, e chegando prèto da beira, toman forma humana, ante dos ollos da multitude dita. Os asistentes recoñecen aos dous porqueiros. Estonces Ochall, rei dos xénios de Connaught, dalles a benvida, preguntándolles:

—¿Cales foron as vosas aventuras?

—Nosas aventuras foron á éito fatigosas,—respondéronlle os dos porqueiros. —Ben sabedes a labor que nosoutros fixemos ante dos vosos ollos. Dous anos enteiros estivemos baixo da forma de animales mariños no fondo dos mares e das áugoas; e ainda temos de pasaren por outro trocamento, c' o fin de que cada un de nos, probe outra vez a forza do seu compañeiro.

IV

OS DOUS CAMPIÓS

Logo saíron os dous indo por camiños distintos. Cada un d'eles virouse en campión, arrechegándose un, ao número das xentes de Bodb, rei dos xénios de Munster; e o outro foise ao servicio de Fergna—dí así Carpre-Cromm (1)—rei dos xénios de Nento-sous-eau (2) en Connaught. Toda canta fazaña feita pol-as xentes de Bodb, fora, en realidade, labor do campión: o mesmo estaba no pazo dos xénios de Nento. A groria dos dous campiós espallábase por todal-a Irlanda, iñorándose cales foran as suas familias.

Bodb, saíndo de Munster, parouse en Connaught. Os veciños d'esta comarca, celebraban d'aquela unha grande xunta prèto de Loch Riach.

A comitiva que acompañaba á Bodb, era tan fachendosa cal a d'esta brilante asamblea.

Bodb levaba con él, sete veces vinte carros e sete veces vinte cabaleiros. Todol-os cabalos tiñan a mesma côr. Estes cabalos atopábanse luxados; e

(1) D'ARBOIS DE JUBAINVILLE: Ob. dit., páx. 178.
(2) Id. id. Ob. dita, pax. 178.

as suas rendas, os seus frenos e as suas cabezallas eran de prata. Entre dos guerreiros montados sobre dos carros, non había ninguen que non fora fillo de reises ou de reinas. Todos levaban mantas verdes adornadas de catro franxas de púrpura e ligamentos con broches de prata. Tiñan as túnicas engalanadas de guarniciós vermellas con fios d' ouro todo á seu redor. A suas polainas estaban guarnecidas de fíos

tamen d' ouro, e os seus zapatos bordados de bronce. As suas cabezas iban cubertas de tocados con ornamentos de cristal e latón. Brilantes bandas d' ouro arrodeaban os pescozos de cada home, e cada unha das suas pedreirías valían unha xuvenca.

Os braceletes que cada guerreiro levaba no brazo, valía cada un tres onzas. Sobre das capas de todos

os seus broqueles, aparecían ornamentos d' ouro. Termaban todos nas suas mans, lanzas de cinco puntas con costas d' ouro, prata e bronce á seu redor e con argolas d' ouro. O mango era de asta e ferro. Os cabos das suas espadas eran d' ouro, e sobre d' elas tiñan figuras de serpentes d' ouro e carbunclo. O resprandor d' esta familia alumeaba todo o campo enteiro.

Ende xamais tropa mais vistosa non se veu no día nin ha se de ver hastra o xuicio final. Sete veces vinte persoaxes, tanto de mulleres coma de homes, morrerían de medo ante da presencia d' estes guerreiros.

Estos brincando dos carros sobre da pradeira, deixan os seus cabalos e os seus carros, sin persóas para lles gardar.

Cando fóronse á deter, Ochall, púxose diante d' eles.

—He aquí unha tropa ben fera—dixeron os xénios de Connaught. E moito mais varuda que todalas outras.

Os recenchegados, arremeteron contra do outeiro onde se celebraba a xunta; o sitiaron e tomárono por asalto, de tal xeito, que todol-os homes que n-él se alcontraban, morreron. Durante tres días con tres noites, as xentes de Connaught os cercaron sin poideren nada contra d' eles. Sete veces vinte reinas debían de fuxir co elas cando se volveran á Munster.

Entramentras, Ochall dirixe a fala:

—Seas benvido, Bodb,—díxolle á éste.

—Ti farás ben en me facer unha mala acollida—respondeu Bodb—mais estás obrigado á recibil-a miña visita.

—¿Por qué viñeches? preguntoulle Ochall.

—Para falar c'o rei, a reina es os bôs guerreiros—contéstalle Bodb.

—Aquí télos á todos—dille Ochall.

—Entre de vosoutros cuáseque non vemos á ningun—reprica Bodb.

—Eles obedecen âs órdes que reciben—ouxetoulle Ochall. Guerreiros mozos avanzan cara á vosoutros. Que se dé proteición en reciprocidade xusta.

Ochall prometeu esta proteición.

—¡Ven acó Rinn!—chama Bodb.

E Rinn, ou seia Friuch o campión de Munster, se abalanzou sobre da asamblea, berrando:

—¡Qué un de vosoutros se presente para me combatir.

Os guerreiros das tres provincias de Connaught reuníronse n-un fato, para resolveren; mais d'entre d'eles non se atopa ningun que se ofrecera para loitar con Rinn.

Obsérvase logo, que aló lonxe, se apercibe algunha cousa: era unha tropa que proviña da rexión septentrional de Connaught Compoñíase a tropa dita de tres veces vinte cabalos (co as suas respeitivas arrendas), e tres veces vinte carros. Os cabalos xunguidos á estos carros, eran mouros, e tiñan men-

tres de haber atravesado o mar. Os frenos das suas rendas eran d'ouro. Os guerreiros levaban mantas de azur escuro, arrodeadas de cordós de púrpura. Cada un tiña sobre do peito unha roda d'ouro; túnicas brancas rayadas de púrpura envolvían seus corpos. Sobre das suas cabezas víanse cabelos d'un negro tan escuro, que poiderías e creer que unha vaca había lambido aquelas. Levaban riba das espaldras os escudos nos que estaban grabados os embremas que se arrodeaban de lindas bordaduras de bronce. Baixo das suas capas penduraban espadas, onde os mangos eran de marfil ornados de figuras de cobre. Cada home termaba d'unha lanza redonda na estremidade, con ribetes de prata. Un fío d'ouro, purificado ao lume, facía cincoenta veces a volta de cada unha d'elas. Non calzaban nin «sandalias nin bonetes». (1) Ningunha soila persóa distinguíase unha da outra.

Todas entraron no campo: tres veces vinte d'entre d'eles chegaron, uns en carros, outros á cabalo e outros á pé.

De seguida os Conmacnes se levantan diante d'eles, riba d'outeiro: de aquí proven porque os Conmacnes foron sometidos à servidume hastra o xuicio derradeiro, perpetuando a carga de alimentaren os fillos dos reises e os das reinas e hastra os cans de caza.

(1) Esta foi a primeira moda irlandesa que non é observada na descripción anterior:

*
* *

(PROTESTA D' UN COPISTA)

(Esta non é toda a verdade, por que d' aquela, os Conmacnes non estaban de moda. Éstes descenden de Fergus mac Roig, que por aqueles tempos inda non houbera nacido. Aquí trátase das xentes que foron anteriores aos Conmacnes sobre do chan que os Conmacnes ocuparon dempois. Estos son os antecesores dos Conmacnes que se levantaron diante dos recen chegados).

*
* *

No acto, a asamblea asistente, da a benvida aos guerreiros da Connaught Septentrional.

—Seades benvidos—dixo Ochall.

—Nosoutros temos confianza,—añadíu Fergna.

—¡Disgraciado!—escrama Mainchenn, druída da Grande Bretaña.—Dendes de hoxe para sempre, logo que tí e os teus descendentes veades un rei, estaredes á él súditos. Hastra agora Fergna tiña dereito; dendes de hoxe en diante, será sometida; e a sua podencia levará o peso das alcabalas. ¿Onde deixaches os teus cabalos?...

—Na terra chá—respondeu Fergna.

—A terra que tés diante—obsérvalle Mainchenn

—foi escollida por dominio para outro que chegou denantes que tí.

—¿E quen é este?—pregunta Fergna.

—É Bodb—respondeu Mainchenn—o rei dos xénios de Munster.

Logo que chegou Bodb à asamblea, un sobrecollimento e un medo à morte, fixeron perdel-a vida á vinte homes.

—¿Non se alcontra dentre dos tres de Connaught un guerreiro para loitar con Rinn o campión de Munster?—dixo o rei dos xenios de Munster.

—As vosas órdes—escrama Fâebar (Rucht) o campión de Connaught.—Eu irei á lle atacar.

De súpeto, os dous campiós botáronse un contra d' outro, combatindo durante tres días e tres noites, dándose un ao outro tales fustancazos, que se lles vían os seus pulmós. Dempois fóiselles á soparar.

V

OS DOUS PANTASMAS (1)

Por un errore manifesto, Friuch e Rucht vanse trocar en estadeas. Un árbitro do pobo morreu de medo. Ao siguiente día, os sobreviventes estiveron retidos na cama por enfermedade.

(1) Ou démos.

VI

OS DOUS VÉRMIOS

Súpetamente partiron e tomaron a forma de vérmios (1). Un d'eles, (Rucht o porqueiro de Ochall Ochué, rei dos xénios de Connaught) camiñou cara da fonte de Uaran Garard, provincia de Connaught; e o outro (Friuch o porqueiro de Bodb, rei dos xénios de Munster), cara â de Glass Cruind, en Cooley, provincia de Ulster.

Certo día, a reina Medb de Cruâchan, iba para a fonte de Uaran Garard para se laval-a cara, sostendo na man un xerro branquecino de bronce, onde se lavaba as mans. Meteu o xerro na áugoa, e de súpeto, brincou un vérmio, pintado de todal-as côres.

Mirouno ela longo tempo; as côres d'este vérmio parecéronlle moi lindas. Dempois d'emborcal-a áugoa, quedouse o vérmio solasmentes no xerro.

—É unha disgracia ¡ouh besta! — dí Medb — que tí non fales, para me contar calesquer cousa do que me deba acontecer, logo que eu tome posesión do reinado de Connaught.

—¿Cal é, —respondeulle o vérmio — a cousa que ti deseies mais en me pedir?

—Has me de permitir primeiramente—contésta-

(1) O manuscrito dí *Bestas de Augoa.*

lle Medb—o sabere coma ti te atopas n-este trocamento de besta.

—¡Eu son unha besta disgraciada!—dílle o vérmio. —Pol-a miña mala fada eu tiven moitos trocamentos distintos.—E contoulle á Medb coma foi a sua vida, baixo de cada unha das formas variadas que tomou. De seguida, dalle bôs consellos:

—É lástima que sendo tí unha rapaza tan linda, que non te cases con un guerreiro mozo e ilustre, compartindo con él a tua autoridade.

—Eu non quero me casar—respondeu Medb—con ningun dos habitantes de Connaught. Teño medo, do que me pretenda, que seia un mestre.

—Nos, conocemos—reprica o vérmio—algún que habería de te convir. É éste, o home mais brilante, mais bello, e mais ilustre que eisiste. É Ailill, fillo de Ross-Rûad, rei de Leinster. Sua nai é Mata Murese, filla de Maga, rei de Connaught. É un mozo doce, sin tacha nin defectos, sin cobiza e sin orgulo. Podes tomalo por marido, que él non terá de te domeñar. É bô, ardente e forte. E tí todol-os días, sin falla, has me de dar de xantar n-esta fonte. Chámome Cruinniuc (que quere decir *redondo)*. (1)

Esto foi todo o que lle dixo á Medb. Logo ésta, volveuse para a sua casa, e o vérmio meteuse na fonte.

No mesmo día—¡cousa singular!—Fîachna, filla de Daire, dirixíuse â fonte de Glass Cruínn (que quer

(1) Este vérmio era o porqueiro Rucht, de Connaught.

decir *verde, azur* e *arredonda);* e ao íre á se laval-as mans, víu un obxeto que tira a sua atención; había un vérmio riba d' unha pedra, diante d' ela, e o tal vérmio, estaba compretamente luxado de tal xeito, que non tiña côr que non se vira n-él.

—Tanto millor para tí, Fîachna —dixo o vérmio.

Fîachna tivo medo do animal que amostrábase diante d' ela, e recuou un pouco.

—Non fuxas nin temas —díxolle o vérmio— Acouga. Será ben que teñamos un pouco de conversa.

—¿E de que imos conversar entrambos á dous?,— preguntóulle Fîachna.

—Primeiramente—respondeu o vérmio —para te decir que chego abondante de fertuna.

—¿E dempois?—observoulle Fîachna.

—Para anunciarte que tí te alcontrarás na estremidade da tua terra, e que un barco á che de traer tesouros.

—E dempois?—vólvelle á preguntar Fîachna.

—Que tí has me de dar hospitalidade, e ti has me de facer moito ben.

—¿E cal é o ben que hei te de facer? díllе Fîachna.

—Tí me darás de xantar.

—¿E por qué hei te de dar de xantar?

—Porque eu, son a estremidade da tua terra—díxolle o vérmio—e eu non teño que comere.

—¡Inda que ti non seias mais que unha besta!—reprica encabuxada Fîachna.

—Eu son un home—contéstalle o vérmio.—Son o porqueiro de Bodb. (1)

—¿Cal é o teu nome?

—Tummuc, (que quere decir *buzo)*—respóndelle o vérmio.

—Nosoutros temos oubido falar de tí—dille Fîachna.

—Non é necesario—contesta Tummuc—que eu te conte a nosa historia. Meu compañeiro atópase en Uran Garard, en Connaught; e Medb de Cruâchan faille ben; mais eu estou sin forzas porque morro co a fame.

—Me tés âs tuas órdes—dícelle Fîachna. Posto que tí me pides de comere, tí terás que comere.

—Érguete, e camiña,—dícelle o vérmio. A barca

(1) Era o porqueiro Friuch, de Munster.

de que te anunciéi, chegou. Tí has me de dar de comere, mañán ao estrelecer.

Fìachna, foi conducida pol-a barca, e o vérmio meteuse na fonte de Glass Cruinn, de Cooley.

Fìachna dalle de comer todol-os días durante un ano e un día; e cada día, era a mesma Fìachna quen iba á lle leval-o alimento.

Do mesmo xeito, Medb, cada día, hastra o final do ano, iba á lle dar de comer ao vérmio do Oeste, ou seia de Connaught.

VII

OS DOUS BOIS BRAVOS OU TOUROS

Un día, cando remataba o ano, Fìachna volveu â fonte de Glass Cruinn.

—Ven á conversar conmigo—díxolle ao vérmio.

De seguida o vérmio chegou.

—Moi ben—dícelle Fìachna.

—Esto ha de sere moi proveitoso para tí—reprica o vérmio. Ha che de vir da terra e do mar, abondancia de trigo, unha verdadeira bendizon. Fuches moi boa para min dempois da tua primeira chegada hastra hoxe. Axiña, terá lugar en Connaught un encontro terribre entre eu e o animal de que che falei fai un ano.

—¿Qué encontro é ese?—pregunta Fìachna.

—Fácele é respondere—contéstalle o vérmio.

Unha das tuas vacas ha me de beber mañan, ao estrelecer; e unha das vacas de Medb, beberá ao meu compañeiro, d'onde resultará unha grande batalla na Irlanda, entre ambos á dous. Loitaremos un contra d'outro e tí serás sana e salva.

Todo este agoiro cumpríuse axiña. N-efecto, na mañan siguiente, Tummuc foi bebido pol-a vaca de Fìachna; e no mesmo día seu compañeiro Cruinniuc, foi bebido tamen pol-a vaca de Medb.

E aquí imos vere quenes foron os nomes dos animales baixo de cada unha das suas formas respeitivas: 1.º Ruch (porco), Rucene (1), cando eran porqueiros; 2.º Ingen (pouta), Ette (âs), cando foran corbos; 3.º Bled (baléa) e Blod, cando baixo dos seus trocamentos de animales mariños, viviron no fondo dos mares; 4.º Rinn (punta) e Fâebar (cortante) cando eles foron campiós; 5.º Scîath (escudo) e Scâth (sombra), cando se viráran en pantasmas ou estadeas; 6.º Cruinniuc (redondo) e Tummuc (buzo) no momento de se trocaren en vérmios; 7.º Find (branco) e Dub (negro) ao se convirtiren en touros ou bois bravos.

Findbennach (branco cornudo) e *Donn* (marelo) de Cooley, viñan seren as duas bestas con cornos, as mais lindas que ende xamais houbo na Irlanda. Os seus cornos estaban adornados d' ouro e prata pol-as duas provincias de Connaught e de Ulster. Non tiña Connaught ningunha besta con cornos, que ousase

(1) Friuch, mais alto.

bruar contra do *Findbennach*, o touro d'esta provincia occidental. Do mesmo xeito, non se atopaba en Ulster ningunha besta con cornos de bastante atrememento para bruar contra do touro d' esta provincia oriental, cal o *Donn* de Cooley.

NOTA

O roubo das vacas de Cooley, da grande Epopeya Irlandesa, se remata pol-o combate dos dous touros. O *Donn* de Cooley, quérese decir, o touro marelo que fora o derradeiro trocamento de Friuch porqueiro diviño de Bodb, rei dos xénios de Munster, matou á *Findbennach*, o branco cornudo, derradeiro viramento de Ruch, porqueiro diviño do rei dos xénios de Connaught. Dempois, morreu el mesmo.

FIN

ÍNDICE

PÁXINAS

Adicatoria. V

1.ª PARTE

BOICENTRIL

O lusco fusco. 9
O Druída. 11
O agoiro 12
O estrelecer 17

2.ª PARTE

APÉNDICES

1.º Os Celtas.—Os Druídas.—A minsión d'éstos. 21
2.º O Castro de Boicentril 29
3.º A relixión céltica.—Os dioses célticos.—O dios *Endovelico.*—A decadencia do druídismo. 33
4.º Os dioses celtas virados animales.—Mitoloxía céltica 43
5.º Costumes célticas.—Roubo nas mámoas en Galicia 47

3.ª PARTE

6.º *Os dioses trocándose animales na literatura épica da Irlanda* . . . . . .
Roubo das vacas de Regamain. 55
Casta dos dous porqueiros Friuch e Rucht. . . . 61

Os dous corbos 64
As duas focas ou baléas 66
Os dous campiós 68
Os dous pantasmas ou estadeas 74
Os dous vérmios 75
Os dous touros 79

FOTOGRABADOS [1]

PÁXINAS

Cuberta . . . . . .
Retrato do Autor 3
Crôa do Castro de Boicentril 9
Veiga de San Xiao de Sergude 12
Id. de San Vicente de Vigo 15
Id. de Santaya de Cañás 17
O Castro de Boicentril 30
Ponte de San Xiao de Sergude 77

(1) Ao desinterés e amabilidade do celebrado artista e bon amigo Anton Portela; dá dos nosos queridos sobriños Euxenio e Leandro Carré Alvarellos, e dá tamen do noso amigo o peritísimo calígrafo Enrique Castillo, débelles o autor da presente obriña, á sua valiosa colaboración artística. que lles agradece prefundamente á todos eles.

OBRAS DO AUTOR

Historia Comercial de la Coruña, agotada.

Enredadas, poesías en gallego (fuera de venta), agotada.

O Castro de Cañás, poema gallego, ilustrada con fotograbados, agotada.

Diego de Samboulo, leyenda histórica en verso y prosa gallegos, ilustrada con fotograbados, agotada.

La Revolución Gallega de 1846, 2.ª edición, ilustrada con 62 fotograbados.

Discurso, contestación al de D. Manuel Diez Sanjurjo, con motivo de la recepción de dicho señor como individuo de número en la *Real Academia Gallega*, (fuera de venta).

Britanos y Galos *Páginas de la Guerra de la Independencia, 1808 á 1809)*, ilustrada con 40 fotograbados, 3.ª edición.

Batallón Literario de Santiago *(Diario de Campaña)*, ilustrada con nueve fotograbados y varias firmas autógrafas (2.ª edición).

Los Mártires de Carral, Sumario original de la causa, con 17 fotograbados y varias firmas autógrafas (2.ª edición).

Boicentril. Poema en verso y prosa gallegos, ilustrada con 9 fotograbados.

EN PRENSA

Documentos de crédito gallegos, siglos XV, XVI, XVII, XVIII y primer tercio del siglo XIX.

PRÓXIMAS Á PUBLICARSE

La Torre del Homenaje del Castillo de Villalba.

Zapicadas, versos gallegos.

Lope de Vilouzás, estudio histórico (siglo XV).

El Monasterio de Cánduas, estudio histórico (siglo XV).

Acontecimientos históricos gallegos (siglos XVII, XVIII y XIX).

La Expedición del Marqués de la Romana, á Dinamarca (1807), en colaboración.

La Torre de Hércules.

Os pedidos d'esta obra, poden se facer no domicilio do autor, rua da Barreira núm. 34 - 1.º (A Cruña), quen precurará servilos, remitíndolle anticipadamente o importe de cada exemplar c'os sellos de correio, xuntamente c'o de certificado.

Precio: 2 pesetas en España
e 3 no estranxeiro

REAL A
GA
A CO
9
Bibli

CAD
LEG
DRU
6
ec